



Concello de Cangas

CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL.

PLAN DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2018 DO PLAN CONCELLOS 2018 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Con data 03/01/2018 publícase no BOP nº 2 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos - Plan Concellos 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra; ao amparo desta convocatoria solicítase a axuda da liña 3-Emprego, para a contratación de persoal desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego, respectando a debida adecuación salarial á cualificación profesional dos postos que se van cubrir, que neste ano 2018 será de 31 persoas para dar cobertura a diferentes servizos de titularidade municipal.

Na seguinte táboa especificanse as ocupacións a cubrir no Concello:

| Nº Traballad | Postos | Código Ocupación | Servizo / Destino |
|--------------|----------------------------------|------------------|------------------------------------|
| 1 | Auxiliar administrativo | 43091029 | Mobilidade e Participación veciñal |
| 1 | Condutor | 84321042 | Brigada de Obras |
| 2 | Peón emerxencias | 59991036 | Protección Civil |
| 1 | Conserxe instalacións deportivas | 58331022 | Servizo Conserxería |
| 4 | Peóns albanéis | 71211015 | Brigada de Obras |
| 3 | Peón xardineiros | 61201028 | Brigada de Obras |
| 10 | Peóns agrícolas | 61101124 | Brigada de Obras |
| 9 | Peón varredores | 94431016 | Servizo de Limpeza |

A LIÑA 3-Emprego supón o 22,62% da totalidade do Plan Concellos 2018, cun importe total aproximado de 249.000€ para a contratación de persoal para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais. No ano 2017 foron en total 29 persoas contratadas, e neste ano increméntase a 31 persoas a contratar.

A valoración económica do custe total do servizo, elabórase ao amparo do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas, e a Lei 48/2015, de 29 de outubro de Orzamentos Xerais do Estado. O custe total da contratación de 31 persoas polo período de 6 meses ascende a un total aproximado de 367.000 euros.

A Deputación Provincial con cargo ás axudas da Liña 3 do Plan Concellos 2018, aporta un importe de 249.000 euros, e o Concello con fondos propios asumirá a contía de 118.000€ para equiparar os salarios co resto de traballadores municipais de categorías profesionais similares.

O salario base destes/as traballadores/as é de entre 1400-1500€ mensuais, máis ós custes da Seguridade Social que corresponda, e cubrirán servizos en distintos departamentos ou áreas do Concello, como por exemplo unha persoa auxiliar administrativa para tarefas nas áreas de Mobilidade e Participación Veciñal, o reforzo en Protección Civil cun novo peón de emerxencias, e os reforzos na área de obras e servizos con albaneis, xardineiros, peóns agrícolas e persoal para a brigada de limpeza viaria.



Concello de Cangas

As traballadoras e traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Unha vez que a Deputación resolva outorgar a subvención, o Concello solicitará os postos de traballo ofertados na Oficina Pública de Emprego, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos servizos a realizar.

Cangas, 27 de febreiro de 2018